

Texto: **JOSÉ ANTONIO RAMÍREZ LOZANO**

Ilustracións: **RIKI BLANCO**

Encadernado en cartón. 15x23,5 cm.

80 páxinas. Ilustracións a toda cor

Dispoñible en:

- Galego: "Sopa de soño e outras receitas de cocociña"  
SeteLeguas. ISBN 978-84-8464-500-9
- Castelán: "Sopa de sueño y otras recetas de cococina"  
SieteLeguas. ISBN 978-84-933755-3-9

Prezo: 12 €



## SOPA DE SOÑO E OUTRAS RECEITAS DE COCOCIÑA

**Aquí está o mellor fogón, ese que os cociñeiros chaman imaxinación. Cociña das palabras, que se come polos ollos sen garfo nin culler. Alíñanse nun momento, estrelas con adxectivos e corcheas con pementos. Ao mercado a por palabras! Hai milleiros de receitas para poder cociñalas... entrantes, pratos e postres, como:**

### **GUIISO DE LUNARES**

**Prepárase primeiro un rustrido de tomate e allo. Engádeselle un cuarto de lunares, non de traxe de flamenca, senón dos criados no corpo, que son máis nutritivos. Non confundir lunares con lentellas. Os lunares son unha especie aínda sen estudar, que vive en simbiose coa nosa pel e que se alimenta da suor. Coidado cos falsos; andan sempre preto da boca, como a mentira.**

Este libro para lectores a partir de 10 anos preséntanos 30 disparatadas e delirantes receitas, onde o real se confunde co imaxinario, o cotiá co extraordinario. Imaxes surrealistas e imposibles conforman un divertimento en forma de conto.

José Antonio Ramírez Lozano elabora unha narración áxil, inxeniosa e intelixente que nos leva de principio a fin cun sorriso. As ilustracións de Riki Blanco gozan dunha grande expresividade e remarcán o carácter humorístico da parte literaria.

### **JOSÉ ANTONIO RAMÍREZ LOZANO**

(Nogales-Badaxoz, 1950)

Poeta, narrador e profesor de literatura en Educación Secundaria. É autor dunha vintena de obras de narrativa como "Flos Sanctorum", "La derrota de los fabulistas", "Bata de cola", "Las argucias de Frestón", e de poesía como "Fabulario", "Teluria", ou "Memento", entre outros. Entre as súas obras de literatura xuvenil destacan títulos como "El cuaderno de Malea", "Pipirifauna" ou "El cuaderno de Maltea".

Ao longo da súa dilatada carreira recibiu máis de 20 premios literarios, entre os que se atopan o Juan Ramón Jiménez, o Rafael Alberti e o VIII Premio Nacional de Poesía Real Sitio e Villa de Aranjuez, co poema "Como un dios aburrido".

### **RICARDO BLANCO BLANCO** (Barcelona, 1978)

Forxou a súa traxectoria como ilustrador na Escola Massana da Cidade Condal e na Escola Joso Còmics. As súas primeiras tiras cómicas empezaron a aparecer a partir de 1998, en publicacións como La Burxa, o suplemento universitario de El País ou a revista Barcelona Educació. Nese mesmo ano participou na creación da revista de banda deseñada "Artritis".

Recibiu o primeiro galardón da súa carreira en 2000, ao gañar o concurso de deseño da portada do catálogo da firma Guarro Casas. Ao ano seguinte tamén recibiu o primeiro premio "Lola Anglada" de ilustración infantil.

A súa produción como ilustrador de libros comezou a incrementarse dende entón, en editoriais como Meteora ("Contes d'anar i tornar"), La Galera ("Els vents de la fortuna") ou Destino Infantil ("Quiero ser mayor"), ademais de KALANDRAKA. En 2002 foi seleccionado para a Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña (Italia); froito desa experiencia chegou a realización do álbum "Miopes", para a editorial Orecchio Acerbo.

- **Temática:** receitas creativas
- **Idade recomendada:** a partir de 10 anos
- **Aspectos destacables:** surrealismo artístico e narrativo; escrita creativa; humor; libro de relatos 'literario-gastronómicos'